



## UNIVERSIDADE DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Javier de Vicente Remesal  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D. Juan M. Suárez Creo  
 D. Jose M. Da Rocha Álvarez  
 D. Julio Taboada Pérez  
 D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
 D. Miguel Ángel Areán Míguez  
 D<sup>a</sup>. Fátima Arias Novoa  
 D<sup>a</sup>. Silvia Bermúdez Pérez  
 D. Miguel Ángel Candelas Colodrón  
 D. Victor Cardador González  
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez  
 D. Pablo Javier Cebra Loureda  
 D. José Cidrás Pidre  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
 D. Xosé Enrique Costas González  
 D. Guillermo De Oca Cancela  
 D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen De Arriba Pérez  
 D. José Durany Castrillo  
 D<sup>a</sup>. Iria Estévez González  
 D. Manuel Fernández Areal  
 D. José Ramón Fernández Bernárdez  
 D. Manuel Fernández Cruz  
 D<sup>a</sup>. Xiana Fernández Rodríguez  
 D. Alberto Gago Rodríguez  
 D. Rubén Garrido Bernárdez  
 D. Alejandro González Fontenla  
 D. Luis Gude Troitiño  
 D. Manuel Gutiérrez Nieto  
 D. David Irago Abalde  
 D. Miguel Loureiro Blanco  
 D. Gonzalo Marino González  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Carlos Mollinedo Lois  
 D. Alejandro Padín Losada  
 D<sup>a</sup>. Nikole Pérez Mato  
 D. José Pose Blanco  
 D. Manuel J. Reigosa Roger  
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
 D. José Tojo Suárez  
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo  
 D. Federico Vilas Martín  
 D. Xoan Xosé Santamaría Conde ( UXT)

### DESCULPA A ASISTENCIA

D. Pedro Membiela Iglesia

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Gobierno da Universidade de Vigo, de doce de maio de dous mil, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación

O venres, **día 12 de maio de 2000**, ás 9:30 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Gobierno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13-04-2000)
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Adaptación e modificación da normativa de 9-07-99 pola que se determinan as bases xerais da convocatoria do concurso para a selección de persoal docente interino e contratado da Universidade de Vigo.
- 4.- Aprobación, se procede, do plano de estudos da Licenciatura en Física.
- 5.- Aprobación, se procede, do I Curso de Especialista en Dibujo e do I Máster en Transportes.
- 6.- Corrección de erros na relación de materias de libre elección.
- 7.- Regulamento do Departamento de Pintura.
- 8.- Resposta ó escrito da Xunta de Titulación de Traducción e Interpretación no que solicita a eliminación das probas de acceso ó 1º ciclo da Licenciatura de Traducción e Interpretación.
- 9.- Memoria do CACTI do ano 1999.

10.- Aprobación, se procede, da sinatura de convenios entre a Universidade de Vigo e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo, a Fundación Camilo José Cela e o Conservatorio Superior de Música de Vigo.

11.- Eleccións para cubrir vacantes de estudantes en: Consello Social (2) e en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Ordenación Académica e Validacións (2); Comisión de Asuntos Económicos (2); Comisión de Investigación (2 alumnos, un deles de terceiro ciclo); Comisión de Docencia (3); Comisión de Planificación (3); Comisión de Extensión Universitaria (2); Comisión de Estudantes (3).

12.- Rogos e preguntas.

### **Punto 1. Acta 13-04-2000**

Acéptase as alegacións do profesor Corbacho ( no punto 1 ), do Sr. Cardador ( corrección no anexo III en relación coa normativa de permanencia ) e do profesor Santamaría ( correccións no punto 21 ), que se incorporan á redacción definitiva.

O Sr. Álvarez Moreira presenta alegacións á acta nos puntos 7, 14 e 21. Acéptanse as relativas ós puntos 14 e 21. Sométese a votación a relativa o punto 7:

A favor da emenda	14 votos
A favor do texto	11 votos
Abstencións	7

Incorpórase.

Apróbase a acta por asentimento coas alegacións xa mencionadas.

### **Punto 2. Informe do Rector.**

O Rector informa sobre as próximas xuntanzas co Conselleiro de Educación para tratar do estado do programa de promoción e estabilización do profesorado e do informe do remate do proceso de autoavaliación das titulacións da Facultade de Filoloxía e Traducción agradecendo ó Decano da Facultade o traballo levado a cabo.

O Vicerrector de Organización Académica informa de que a Comisión de Organización Académica e Validacións está a ter problemas coa resolución dalgunhas validacións polo que considera oportuno dispor dunha comisión específica, á que a COAV lle poda pedir asesoramento nos casos non claros.

Tamén explica o contido dun informe en relación cos cursos da Academia ICA. Indica que

para evitar no futuro casos similares, se exclúen explicitamente da posibilidade de ofertar cursos ou actividades homologables por créditos de libre elección, as insituacións privadas con ánimo de lucro. O profesor Candelas pide que conste en acta a felicitación ó Vicerrector de Organización Académica por este traballo.

**Punto 3.** Adaptación e modificación da normativa de 09-07-99 pola que se determinan as bases xerais da convocatoria do concurso para a selección de persoal docente interino e contratado da Universidade de Vigo.

O Vicerrector de Profesorado expón que co fin de axilizar os procedementos dos concursos para a selección de persoal docente interino e contratado, dentro do marco que a lei permite, se somete a consideración dos membros da Xunta de Goberno a modificación dos artigos 3,5,6,7,8,9,13,15,17,18,19,20 da normativa correspondente. Despois de explicar polo miúdo a proposta, ábrese unha rolda de intervencións.

A Sra. Corbacho fai precisións e pide aclaracións sobre os artigos 9 e 18.

O Sr. Corbacho propón que se suprima a frase " non se formalizará o contrato se o candidato non acredita a efectividade de matrícula" no apartado 8.b.1. relativo a profesores propios. Propón que se modifique o artigo 21.a) eliminando a posibilidade de que o Rector actue de oficio. Di que a Comisión de Conflictos non debería actuar neste tipo de concursos e que se debe cambiar neste sentido o regulamento de profesorado no Claustro.

O profesor Tojo defende a anterior redacción do artigo 8.c. ( profesores asociados ) e en relación cos informes detallados ós que se fai referencia no artigo 15 sería máis simple detallar os criterios utilizados e dar a puntuación final. Opina que baseándose na experiencia de aplicación do artigo 21, este debería modificarse. Propón que este documento se retire, volva a Comisión de Docencia e sexa estudado con máis detalle.

Os profesores Gago, Vilas, Fernández Areal e o Sr. Rector coinciden en redactar o artigo 15 de xeito que sen perderse as garantías da puntuación, non supoña para a comisión un problema gravoso de excesivo tempo de traballo. Indícase que o informe debería conter os criterios empregados na avaliación dos concursantes e a expresión numérica dos méritos avaliados.

O profesor R. Berrocal di que este tema se está a tratar demasiado tarde, que o que hai que modificar urxentemente é o regulamento de profesorado e que é necesario entrar nun debate a fondo da problemática dos concursos. Pide que se retire e que se estudie na seguinte Xunta de Goberno.

O profesor Santamaría considera máis conveniente que se empregue o termo notificación en lugar de publicación.

O profesor Candelas di que esta proposta non está profundamente debatida, que só ten xustificación se hai premura e que, polo tanto, debería retirarse.

O profesor Durany defende a proposta que se presenta. Di que se trata de modificacións

de tipo técnico que melloran a normativa vixente sen entrar no fondo xa que esta normativa está atada pola normativa de profesorado. Non comparte a actitude de atrasar a aprobación.

O profesor Corbacho opina que cambiar notificar por publicar é unha cuestión de fondo e di que as súas intervencións intentan mellorar e non son un intento de distorsionar.

O Rector di que a decisión non debe demorarse, anuncia que o concurso de profesorado sairá publicado na primeira semana de xuño e comprométese a estudar a reforma do regulamento de profesorado enmarcada na programación plurianual.

O profesor R. Berrocal insiste na retirada do punto.

Sométese a votación.

A favor da retirada	16 votos
En contra	22 votos
Abstencións	6

Continúase co debate.

Sobre artigo 8.b.1 ( profesores propios ), acéptase a proposta do profesor Corbacho de suprimir a última frase.

Sobre o artigo 21.a, en relación coa segunda proposta do profesor Corbacho, o Rector comprométese a non facer uso da prerrogativa "de oficio" ( ata que se entre nun debate a fondo de reforma do regulamento de profesorado ) e a consultar ó Departamento afectado.

No artigo 15, acéptase a seguinte proposta do profesor Gago: "Dito informe técnico deberá conter explicación detallada sobre a aplicación dos criterios de valoración dos concursantes en cada ítem ou alínea, especificando a puntuación outorgada ou, se é o caso, xustificando a non puntuación".

En relación co Anexo II que indica o baremo para a cualificación dos concursantes, na valoración da experiencia investigadora, acórdase suprimir a limitación de 5 puntos do ítem 2.a) ( publicacións ).

Por último, vótase globalmente o documento coas reformas introducidas:

A favor	24 votos
En contra	0 votos
Abstencións	4

Apróbase. Anexo.

**Punto 4.** Plano de estudos da Licenciatura en Física.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** I Curso de Especialista en Dibujo e I Máster en Transportes.

O Vicerrector de Organización Académica di que os dous cursos que se someten a consideración da Xunta de Goberno recibiron os informes favorables da asesoría xurídica , do servizo de control interno e que as taxas foron aprobadas polo Consello Social.

O profesor Candelas critica a moi pouco coidada redacción no Master en Transportes ( por exemplo, na páxina de metodoloxía didáctica ).

O profesor Cidrás di que este master debería ter outra denominación, tendo en conta que hai un área na Universidade que se chama Enxeñería do Transporte. Esta proposta está moi vencellada a Departamentos de Dereito e debería denominarse, por exemplo, Master en Dereito do Transporte ou en Réxime Xurídico do Transporte.

O profesor Rocha coincide co profesor Cidrás.

Sométese o master a votación coa recomendación do cambio de nome para a súa aprobación no Claustro:

A favor	16 votos
En contra	1 voto
Abstencións	3

Apróbase.

O Curso de Especialista en Debuxo apróbase por asentimento.

**Punto 6.** Corrección de erros na relación de materias de libre elección.

O Vicerrector de Organización Académica explica as materias que deben ser corrixidas:

- Área de Filoloxía Galega e Portuguesa:

a) Substituir a materia Lingua Portuguesa II por Introducción á Narrativa en Lingua Portuguesa.

b) Incorporar a materia Fundamentos de Robótica ( 6 créditos ) da área 520 a impartir na E.T.S. de Telecomunicación.

c) Incorporar as seguintes materias:

- Alemán ( 6 créditos )
- Inglés ( 6 créditos )

a impartir na Facultade de Ciencias ( Pavillón de Químicas ).

Apróbase por asentimento.

O profesor Corbacho pide que se traslade ós Centros a recomendación de que, se é posible, se axuste o horario de 14:00 a 16:00 horas para as materias de libre elección.

**Punto 7.** Regulamento do Departamento de Pintura.

Apróbase por asentimento.

**Punto 8.** Resposta ó escrito da Xunta de Titulación de Traducción e Interpretación no que solicita a eliminación das probas de acceso ó 1º ciclo da Licenciatura de Traducción e Interpretación.

O Vicerrector de Organización Académica di que a COAV estimou que a supresión das probas non procede a estas alturas do curso e que se deixe a decisión para o momento da implantación do novo plano de estudos no curso 2001-2002.

O profesor Candelas, como Decano da Facultade de Filoloxía e Traducción di que non se están cubrindo tódalas prazas e que precisamente a estas alturas é máis doado suprimir as probas que facelas. Di que estas probas non son selectivas nin mostran a aptitude dos candidatos para entrar polo que a Facultade entende que son innecesarias.

O Sr. Garrido di que é positivo que se eliminen cara a camiñar na liña da potenciación do ensino público. Di que se as probas presentan problemas, no debe atrasarse a súa supresión por criterios estético-formais.

A Sra. Bermúdez opina que non debe haber barreiras adicionais á selectividade.

A Sra. Corbacho Suso di que se a Xunta de Titulación está de acordo, deberían eliminarse.

O Rector pregunta porque se queren suprimir cando foron as propias titulacións as que as solicitaron.

O Vicerrector de Organización Académica di que esta solicitude debería chegar máis xustificada.

O profesor Candelas explica que existen por unha inercia de anos pero que se constata que a proba é innecesaria e non mide coñecementos.

O Rector pregunta se a proba está mal deseñada ou ben non é necesaria porque non é necesario medir coñecementos específicos.

O profesor Candelas responde que ocorren as dúas cousas.

Os profesores Mazaira e Vilas ( membros da COAV ) non se opoñen a que se supriman as probas para o curso 2000-2001, pero considerarían máis coherente que se supriman coa implantación dos novos planos de estudio.

O Rector fai a seguinte proposta: suprimir as probas de acceso para o curso 2000-2001 e que a Facultade acompañe ó novo plano de estudos un estudio coa xustificación pertinente que permita á Xunta de Goberno avaliar a proposta de supresión das probas cara ó futuro.

O Vicerrector de Organización Académica propón ademais que se lle dea a oportunidade de supresión das probas á Facultade de Belas Artes.

Apróbanse estas propostas por asentimento.

#### **Punto 9.** Memoria do CACTI do ano 1999

O Rector presenta a memoria. Resalta que nela se constata unha maior captación de recursos alleos e un incremento das peticións de membros da comunidade universitaria. Felicita os grupos investigadores, o Director do CACTI e o conxunto de traballadores do mesmo.

**Punto 10.** Sinatura de convenios entre a Universidade de Vigo e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo, a Fundación Camilo José Cela e o Conservatorio Superior de Música de Vigo.

O Sr. Santamaría propón melloras na redacción do primeiro parágrafo no Convenio co Instituto Politécnico de Viana e o profesor Candelas pregunta se a Universidade de Vigo ten representante na Fundación Camilo José Cela.

O Sr. Santamaría tamén pregunta porqué estes Convenios e non outros se someten á Xunta de Goberno. O Sr. Rector indica que corresponde á Xunta de Goberno aprobar os que se asinen con Universidades e institucións culturais. Para os demais está habilitado por Estatutos o Rector. O Sr. Santamaría discrepa de tal interpretación.

Apróbanse por asentimento.

#### **Punto 11.** Eleccións para cubrir vacantes de estudantes.

O resultado das eleccións foi o seguinte:

##### **Consello Social (2):**

Marino González, Gonzalo  
Carpintero Sánchez, Juan Carlos

##### **Comisións Delegadas de Xunta de Goberno:**

- Comisión de Ordenación Académica e Validacións (2):  
Carpintero Sánchez, Juan Carlos  
Gude Troitiño, Luis Miguel

- Comisión de Asuntos Económicos (2):  
Garrido Bernárdez, Rubén  
( *queda un posto vacante* )

-Comisión de Investigación (2):  
De Arriba Pérez, M<sup>a</sup> del Carmen  
( *queda un posto vacante* )

-Comisión de Docencia (3);  
Marino González, Gonzalo  
Arias Nóvoa, Fátima  
( *queda un posto vacante* )

-Comisión de Planificación (3):  
Cardador González, Víctor  
( *quedan dous postos vacantes* )

-Comisión de Extensión Universitaria (2)  
Areán Míguez, Miguel Ángel  
Cebral Loureira, Pablo Javier

-Comisión de Estudiantes (3):  
Bermúdez Pérez, Silvia  
( *quedan dous postos vacantes* )

Na mesma sesión da Xunta de Goberno presentáronse as seguintes candidaturas para cubrir as vacantes nas respectivas comisións:

- Comisión de Asuntos Económicos: Padín Losada, Alejandro

- Comisión de Investigación: Gude Troitiño, Luis Miguel

- Comisión de Docencia: Estévez González, Iria

- Comisión de Planificación: Fernández Rodríguez, Xiana  
Loureiro Blanco, Miguel

-Comisión de Estudiantes: Irago Abalde, David  
Pérez Mato, Nikole

Estas candidaturas danse por presentadas e serán oficiais despois do prazo de candidaturas que se abrirá antes da seguinte Xunta de Goberno.



**Punto 12.** Rogos e preguntas.

A Sra. Estévez fai os seguintes rogos e preguntas:

Con respecto a la no inclusión de mi candidatura por estar fuera de plazo, quisiera que constate en acta:

Según el artículo 38 de la ley 4/99, todos los registros de las administraciones públicas tienen carácter oficial o auxiliar, por tanto son validos.

Espero que en lo sucesivo sean igual de restrictivos con los plazos para los P.D.I., como por ejemplo cuando llegue una solicitud de permiso de docencia sin cumplir los plazos establecidos, se rechaze.

A Sra. Corbacho incide no problema de subministro de auga potable no Campus e pregunta polo remate da obra do edificio de Dereito Económico.

A Sra. Árias roga que se investigue porque non se convocan eleccións de represenatntes en Xunta de Facultade en Filoloxía e Traducción desde Xaneiro de 1999.

O Sr. González Fontenla roga que dean de alta no correo electrónico ós novos membros de Claustro e de Xunta de Goberno.

A Sra. de Arriba e o Sr. Cebal preguntan polos recentes problemas coa rede.

O Sr. Areán pregunta porque recibíu tarde a documentación do Claustro.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 15:30 horas do día 12 de maio de 2000 do que como Secretaria dou fe, co visto e prace do Sr. Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo